

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

Vista a Providencia da Alcaldía, de data 16/08/2020, pola que se ordena a incoación do expediente de contratación nº 3271/2020, que se describe seguidamente:

Expte. Deputación: 2020029151	Expte. Subv.: 118/2018	Expte. Subvención (desistencia/concesión): 1516/2020	Expte. Contratación: 3271/2020
Tipo de contrato: OBRAS			
Obxecto do contrato: MELLORA CAPA RODADURA VIAL ACCESO ÁS DEPURADORAS POLA COSTA			
Procedemento de contratación: Aberto simplificado.			
Tramitación: Ordinaria.			
Código CPV: 45233222-1 Traballos de pavimentación e asfaltado			
Prezo estimado: 81.247,25 €		IVE: 17.061,92 €	
Orzamento base de licitación: 98.309,17 €			
Duración: 20 días			
Financiamento: 100% Deputación Provincial con cargo ao Plan Concellos 2018/2019. Anualidade 2018.			
Aplicación orzamentaria	Proxecto de gasto	Retención de crédito Nº OPERACIÓN:	Importe:
1532.61907	2020/0010	2020/EP/008646	98.309,17

Visto que, no expediente de subvención nº 1516/2020, consta a solicitude tramitada ante a Excm. Deputación Provincial, ao abeiro das “Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos, Plan Concellos 2018-2019”, publicadas no BOPPO, nº 2, do 03/01/2018, para levar a cabo o investimento para a “**MELLORA CAPA RODADURA VIAL ACCESO ÁS DEPURADORAS POLA COSTA (Anualidade 2018)**”, como consecuencia da desistencia deste Concello en levar a cabo as obras de “Remodelación da Praza de Abastos e Lonxa Vella”, autorizándose por acordo da X.G.L. da Excm. Deputación Provincial, de data 07/08/2020, o cambio de finalidade para adicar ao mencionado investimento:

Plan Concellos 2018-2019 Anualidade 2018		Deputación Expte. nº	Subvención Deputación	Fondos Municipais
REMODELACIÓN DA PRAZA DE ABASTOS E LONXA VELLA DE CAMBADOS		2018044980	218.680,00	0,00
Acceptada a desistencia acordo Xunta Goberno Excm. Deputación:	Extraordinaria 04/05/2020	Aplicación Orzamentaria:	2020/942.9425.762.45.2018	
NOVO INVESTIMENTO AUTORIZADO			Subvención Deputación	Fondos Municipais
MELLORA DA CAPA DE RODADURA DO VIAL DE ACCESO ÁS DEPURADORAS POLA COSTA			98.309,17	0,00

Visto que, no mencionado expediente de subvención nº 1516/2020, consta a notificación da concesión de subvención, a aceptación desta por Decreto da Alcaldía 2020-0969, de data 13/08/2020, queda polo tanto acreditada a plena dispoñibilidade dos financiamentos externos, de conformidade co establecido no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 novembro de Contratos do Sector Público.

INVESTIMENTO	Nº EXPTE.	IMPORTE SUBVENCIÓN	PORCENTAXE FINANCIAMENTO
MELLORA DA CAPA DE RODADURA DO VIAL DE ACCESO ÁS DEPURADORAS POLA COSTA	2020029151	98.309,17	100%



Visto o proxecto para a “**MELLORA DA CAPA DE RODADURA DO VIAL DE ACCESO ÁS DEPURADORAS POLA COSTA**”, redactado polo Enxeñeiro, D. Gabino Grande Toro, que foi supervisado e aprobado por Decreto da Alcaldía 2020-0725, do 02/07/2020 e que ascende a:

Execución material		68.275,00
13% Gastos xerais	8.875,75	
6% Beneficio industrial	4.096,50	12.972,25
Valor estimado		81.247,25
21% IVE		17.061,92
Presuposto base licitación		98.309,17

Visto o Anexo de definición de melloras, redactado polo enxeñeiro, D. Gabino Grande Toro, en data 21/07/2020 que, como Anexo queda unido ao expediente de contratación nº 3271/2020, incorporándose estas ao prego e que deberán ser aprobadas polo órgano de contratación.

Visto que, no expediente de solicitude de subvención nº 1516/2020, informase polo Técnico Municipal a necesidade dispoñer das autorizacións/informes de normativa sectorial seguintes:

VIABILIDADE SECTORIAL.	
Servizo de Costas do Estado:	As obras dispoñen de autorización do Servizo de Costas do Estado.
Instituto de Estudos do Territorio (POL):	Non é necesario dispoñer de informe vinculante.

Vista que, no expediente de contratación 3271/2020, consta a Acta de replanteo previo das obras, asinada en data 02/07/2020, polo Técnico Municipal, D. Pelayo Eyo Valladares e polo Técnico redactor do proxecto, D. Gabino Grande Toro.

Visto así mesmo a constancia da Memoria xustificativa da necesidade do contrato, emitida polo órgano de contratación, en data 16/08/2020, en virtude do disposto polos artigos 28.1 e 116.4 da LCSP.

Visto que o prezo estimado do contrato (81.247,25 €) é inferior a 2.000.000,00 €, de conformidade co previsto no artigo 159.1 a) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, deberá adjudicarse por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adjudicación.

Valor estimado	81.247,25
21% IVE	17.061,92
Presuposto base licitación	98.309,17

Visto que, no expediente de contratación nº 3271/2020 consta a certificación da existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria **1532.61907** e de retención (98.309,17 €), de data 31/08/2020, dando cumprimento ao establecido no artigo 116.3 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 novembro de Contratos do Sector Público (LCSP)



Visto o informe xurídico da Secretaría relativo á lexislación aplicable e o procedemento a seguir, emitido en data 01/09/2020, en cumprimento do establecido na Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público

Visto o informe de fiscalización de conformidade da Intervención Municipal, de data 02/09/2020, emitido con arranxo ao establecido no art. 214 RD Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), ao réxime de **fiscalización e intervención limitada previa** acordado polo Pleno da Corporación na súa sesión de 02/07/2018, ao disposto no Acordo do Consello de Ministros do 20 de xullo de 2018 respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos no ámbito dos contratos do sector público e encargos a medios propios, e ao sinalado no RD 424/2017, do 28 de abril polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local

Polo exposto, en virtude das competencias atribuídas á Alcaldía pola Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ao Anexo de melloras do proxecto das obras de “**MELLORA DA CAPA DE RODADURA DO VIAL DE ACCESO ÁS DEPURADORAS POLA COSTA**”.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación nº 3271/2020, tramitado para a adxudicación das obras de “**MELLORA DA CAPA DE RODADURA DO VIAL DE ACCESO ÁS DEPURADORAS POLA COSTA**”, por **procedemento aberto simplificado con varios criterios de adxudicación**, cun orzamento base de licitación:

Valor estimado	81.247,25
21% IVE	17.061,92
Presuposto base licitación	98.309,17

TERCEIRO.- Autorizar o gasto pola contía máxima que se indica seguidamente:

Aplicación orzamentaria	Proxecto gasto	Retención crédito Operación nº	IMPORTE
1532.61907	2020/0010	2020/EP/008646	98.309,17

CUARTO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán a contratación das obras “**MELLORA DA CAPA DE RODADURA DO VIAL DE ACCESO ÁS DEPURADORAS POLA COSTA**” e que forma parte do expediente.

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de contratación e anunciar a licitación no perfil do contratante do Concello, aloxado na Plataforma de Contratación da Xunta de Galicia (<https://www.contratosdegalicia.gal>).

SEXTO.- Designar como membros da Mesa de Contratación para o presente contrato:

PRESIDENTE:

A Alcadesa. Suplente: O Concelleiro delegado de Obras e Servizos.

VOGAIS:

O Secretario da Corporación. Suplente: o/a funcionario/a que o substitúa.

A Interventora da Corporación. Suplente: o/a funcionario/a que o substitúa.



O Arquitecto Técnico Municipal. Suplente: Persoal do Servizo Técnico.

□ **SECRETARIO DA MESA:**

A funcionaria do Servizo de Contratación. Suplente: Un/unha funcionario/a da Corporación.

SÉTIMO.- A presente Resolución xunto coa Memoria xustificativa do órgano de contratación serán publicadas no Perfil do contratante, en cumprimento do establecido no artigo 117 e 63 da LCSP.

OITAVO.- Da presente Resolución darase conta ao Pleno da Corporación Municipal, na primeira sesión que celebre.

EN CAMBADOS. ASINADO ELECTRONICAMENTE.

